



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 11 72 98

### ACTA DO FALLO EMITIDO POLO XURADO NO CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS, FIESTRAS, ESCAPARATES E FACHADAS 'NADAL NA RÚA 2020'.

Na Oficina de Turismo do Concello de Padrón, sendo as catorce horas do día dezaioito de decembro de dous mil vinte, asisten Lorena Couso Dopazo, concelleira de Turismo, María Castela Fraga, experto en deseño e publicidade Minia del Río Arca, xestora de proxectos turísticos, José Ramón Rey Otero, arquitecto da oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, como vogais e Alberto Rey Castro, técnico de turismo como secretario do acto, co obxecto de proceder ao fallo do Concurso de decoración de balcóns, fiestras, escaparates e fachadas 'Nadal na rúa 2020' celebrado no Concello de Padrón do 10 de decembro de 2020 ao 7 de xaneiro de 2021.

As persoas integrantes do xurado outorgaron os premios segundo a valoración que fixeron cos seguintes criterios: orixinalidade/creatividade na ornamentación (ata cinco puntos), inclusión de elementos de identidade local (ata dez puntos) e emprego de materiais de refugallo ou eco-sostibles (ata cinco puntos).

Na **categoría de 'particulares'**, a persoa participante gañadora foi Carmela Ares Lorenzo cun premio de 250€.

Na **categoría de 'empresa'**, o establecemento gañador foi Panadería San José cun premio de 500€.

O **premio especial**, valorado en 100€, outorgouse á decoración de Nadal que mais 'Gústame' tivo no álbum de imaxes que se colgou na páxina de Facebook de Padrón Turismo con todas as decoracións participantes entre os días 11 e 17 de decembro.

A persoa participante gañadora foi Carmela Ares Lorenzo con 585 votos.

As persoas gañadoras que participaron na votación popular que se realizou a través da rede social Facebook na páxina de Padrón Turismo na que se outorgou o premio especial, e que obteñen un vale con valor de 20€ para consumir nalgún dos establecementos que forman parte da Asociación de hostalería de Padrón, foron:

- Sergio Rodríguez Cespón
- María del Carmen Castrotero
- Carmen Miguens Vidal
- David Fragua
- Roi Brote

Non sendo outro o obxecto do presente acto, dase por rematado o mesmo, de todo o cal, como secretario, dou fe.


O Secretario,

Asdo. Alberto Rey Castro

A concelleira de Turismo,

Asdo. Lorena Couso Dopazo

Vogal,




Asdo. Minia del Río Arca

Vogal,



Asdo. María Castela Fraga

Vogal,



Asdo. José Ramón Rey Otero